



Comunicado nº 147/15

7 de setembro de 2015

20º RALLYE DE A CORUÑA.

A Federación Galega de Automobilismo envía as súas máis sinceras condolencias ás familias das vítimas do desgraciado accidente acaecido o pasado sábado no Rallye de A Coruña. Ao mesmo tempo mostramos o noso maior apoio, ao piloto e copiloto que se viron implicados no fatídico accidente.

Ante as diversas informacións que se están a facilitar nos medios de comunicación, a Federación Galega de Automobilismo, como encargada de autorizar a celebración do Rallye de A Coruña, debe informar que a proba contaba con todos os permisos administrativos pertinentes así como co seguro de responsabilidade civil con coberturas superiores ás esixidas pola Lei.

A autorización de probas puntuables para o Campionato Galego de Rallyes, como o Rallye de A Coruña, esixe a previsión e o cumprimento de estrictas medidas de seguridade, que a xuízo desta Federación, a organización previu e respectou estrictamente.

A celebración de probas deportivas automobilísticas por vías públicas é evidentemente perigosa para os participantes e espectadores, polo que a pesar da adopción de estrictas e esixentes medidas de seguridade, en ocasións se crean situacións imprevisibles de perigo, que poden dar lugar a accidentes moi graves, como o sucedido.

O automobilismo deportivo galego e esta Federación están conmocionados co sucedido, e únense á dor das familias das vítimas e dos deportistas implicados.